

Disposición adicional terceira. Medidas de ordenación académica para o alumnado

que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime

xeral

1. A Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral será de aplicación no curso 2022/23 tendo en conta as seguintes consideracións:

- a) O alumnado que superase o primeiro curso de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de música ou o primeiro curso de Música das ensinanzas profesionais de danza poderá validar a materia de Música dos cursos segundo e terceiro da educación secundaria obrigatoria, ou calquera dos devanditos cursos de xeito independente.
- b) A materia optativa de segundo curso da educación secundaria obrigatoria do anexo VI da orde entenderase referida a unha materia de libre configuración.
- c) A materia optativa de terceiro curso da educación secundaria obrigatoria do anexo VI da orde entenderase referida a unha das materias optativas (Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria ou Segunda Lingua Estranxeira).
- d) A materia optativa de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria do anexo VI da orde entenderase referida a unha materia do bloque de materias específicas.
- e) A materia optativa de primeiro de bacharelato do anexo VII da orde entenderase referida á materia optativa recollida no artigo 22.9 desta resolución.
- f) A materia optativa de segundo de bacharelato do anexo VII da orde entenderase referida a unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

2. Poderá solicitar as validacións o alumnado que estea cursando ou cursase ensinanzas profesionais de música e de danza.

3. Poderá solicitar a exención da materia de Educación Física en educación secundaria obrigatoria e bacharelato quen curse estes estudos e, simultaneamente, acredite ter a

condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, ou realizar estudos das ensinanzas profesionais de danza.

4. O alumnado que curse simultaneamente os cursos correspondentes para a validación ou a exención poderá presentar o certificado académico que acredite a superación das materias ata a data en que se leve a cabo a avaliación final no caso da educación secundaria obrigatoria e a avaliación final extraordinaria no caso do bacharelato; noutro caso, a materia figurará como pendente.

Nos documentos de avaliación correspondentes, utilizarase o código CV e/ou o termo validada no recadro referido á cualificación das materias obxecto de validación, e o código EX e/ou o termo exenta ou exento no espazo referido á cualificación da materia de Educación Física.

5. O alumnado interesado en solicitar a validación dunha materia de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato ou a exención da materia de Educación Física en educación secundaria obrigatoria e bacharelato ou, no caso de menores de idade, as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado presentarán durante o mes de setembro a correspondente solicitude. Coa dita solicitude achegarase a documentación que acredite que a alumna ou o alumno está a cursar ou xa cursou e superou os estudos utilizados para a validación ou exención ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.